

18 Enero de 2016 - Revista 1056

Revista Semanal

da Rede Galega de Información Xuvenil



xuventude.net

EN PORTADA / 2

NOVAS FORMACION / 8

BOLSAS E AXUDAS / 11

PREMIOS E CONCURSOS / 12

NOVAS DE EMPREGO / 13

EN PORTADA

Política Social destaca o proxecto DIGAL como unha experiencia de mobilidade que 'apoia a formación da mocidade, mellora a súa empregabilidade e favorece a adquisición de coñecementos'

Martes, 12 Xaneiro 2016 18:08

• Os mozos realizaron prácticas laborais durante 60 días nas localidades de Praga (República Checa), Cork (Irlanda), Burdeos (Francia), Arezzo (Italia) e Braga (Portugal)

• O proxecto DIGAL foi aprobado ao abeiro do programa Erasmus+ e conta para o 2015 e 2016 cun orzamento de 277.135 euros, que inclúe un total de 56 prazas para a realización de prácticas laborais durante 60 días en cinco países europeos



A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, reuniuse hoxe cos 30 mozos e mozas que participaron no primeiro grupo do proxecto 'Dinamizando Galicia' (DIGAL) e que realizaron prácticas laborais durante 60 días nas localidades de Praga (República Checa), Cork (Irlanda), Burdeos (Francia), Arezzo (Italia) e Braga (Portugal) no último trimestre do 2015. Segundo a directora xeral, os programas de mobilidade teñen como finalidade "apoiar a formación da mocidade, mediante a mellora da súa empregabilidade, xa que favorecen a adquisición de novos coñecementos, habilidades, capacidade e cualificacións".

Durante a súa intervención, a directora xeral subliñou que "esta experiencia laboral amplía o currículo dos participantes, mellora as competencias idiomáticas e permite que se poida coñecer outra organización do traballo, detectar novos sectores empresariais para implantar en Galicia, así como novas posibilidades de internacionalización para empresas galegas".

As prácticas do primeiro grupo de envío do proxecto DIGAL tiveron lugar nos sectores tecnolóxico, creación e xestión de empresas, xestión administrativa e contable; xardinería e floraría, aproveitamento e conservación do medio, traballos forestais e produción agropecuaria. Son 12 mozas e 18 mozos con idades comprendidas entre os 18 e 30 anos titulados en ciclos medios de formación profesional e nos cursos de formación ocupacional, accións formativas e programas de cualificación profesional inicial dos sectores sinalados dos centros que integran o consorcio deste proxecto.

Concretamente, neste primeiro grupo de envío participaron mozos e mozas do CFPO Viveiro, UAF Ames, UAF Negreira, CFEA Guísamo, CFEA Sergude de Boqueixón, CFO Lugo, IES A Pinguela de Monforte e CFI COIA de Vigo.

Proxecto DIGAL

O proxecto DIGAL foi aprobado ao abeiro do programa Erasmus+ e conta para o 2015 e 2016 cun orzamento de 277.135 euros, que inclúe un total de 56 prazas para a realización de prácticas laborais durante 60 días en cinco países europeos: 15 en Portugal, 15 en Italia, 10 en Irlanda, 10 en República Checa e 6 en Francia. A bolsa cubre os gastos de aloxamento, curso de preparación cultural e lingüística, seguro de responsabilidade civil, unha axuda para os gastos da viaxe e para os gastos de manutención.

Cecilia Vázquez informou que xa está en marcha a fase de selección doutros 26 mozos e mozas que participarán no segundo grupo do proxecto DIGAL e que realizarán as súas prácticas laborais no primeiro semestre do 2016.

Máis de 1200 mozos e mozas galegos participaron no programa europeo Erasmus+: Xuventude en Acción en Galicia 2015

Xoves, 14 Xaneiro 2016 16:19

• A Comunidade Autónoma de Galicia é unha das máis activas tanto no número de proxectos presentados e aprobados como nos fondos recibidos da Unión Europea

• Un dos obxectivos do programa é que os participantes adquiran habilidades esenciais para o seu desenvolvemento persoal e profesional a través da mobilidade

A Dirección Xeral de Xuventude deu a coñecer o balance do programa europeo Erasmus+: Xuventude en Acción en Galicia 2015, que indica que durante o pasado ano foron aprobados en Galicia un total de 38 proxectos nos que participan arredor de 1.263 mozos e mozas. O orzamento total para o desenvolvemento destes proxectos é de 923.331€, sen prexuízo dos proxectos aprobados noutros países europeos nos que organizacións e mozos e mozas galegos participan activamente.

Segundo os datos de participación no programa, Galicia é unha das comunidades máis activas tanto no número de proxectos presentados e aprobados como nos fondos recibidos da Unión Europea. Deste xeito, Galicia se sitúa no grupo das rexións máis activas en canto á participación da xuventude en programas de aprendizaxe non formal.

Erasmus+, o programa da Unión Europea para a educación, a formación, a xuventude e o deporte, está en vigor dende o 1 de xaneiro de 2014 ata o 31 de decembro de 2020. O capítulo de Xuventude brinda apoio para que mozos e mozas adquiran habilidades esenciais para o seu desenvolvemento persoal e profesional mediante a educación non formal e informal e potencia o papel dos traballadores e das organizacións favorecendo a mobilidade e cooperación no ámbito da xuventude.

O programa Erasmus+: Xuventude en Acción estrutúrase en tres accións clave: mobilidade das persoas por motivos de aprendizaxe, cooperación para a innovación e o intercambio de boas prácticas e apoio ás reformas das políticas.

A Acción Clave 1 do programa se centra na mobilidade das persoas por motivos de aprendizaxe, diferenciando dúas modalidades: a mobilidade de mozos e mozas a través de proxectos de intercambios xuvenís e Servizo Voluntario Europeo, e a mobilidade das persoas

que traballan no eido da xuventude a través de proxectos de formación e intercambios de boas prácticas. No 2015 foron aprobados 30 proxectos de mobilidade de mozos e 3 proxectos de mobilidade de traballadores no ámbito da xuventude.

A **Acción Clave 2** do programa, cooperación para a innovación e o intercambio de boas prácticas, financia proxectos de asociacións estratéxicas no ámbito da educación, a formación e a xuventude. Nesta acción no 2015 van aprobados 3 proxectos desta acción.

Por último a **Acción Clave 3**, de apoio ás reformas das políticas, ten como obxectivo fomentar o diálogo estruturado entre mozos e mozas e responsables da toma de decisións no ámbito da xuventude. Nesta acción clave, no 2015 aprobáronse 2 proxectos.

No 2016 os prazos de presentación de proxectos nas tres accións son o **2 de febreiro, 26 de abril e 4 de outubro**. Non obstante, na **Acción Clave 2** os proxectos de apoio á innovación so se poderán presentar na quenda do 26 de abril e os proxectos de apoio ao intercambio de boas prácticas se poderán presentar nas tres quendas

No caso de proxectos centralizados a presentar ante a **Axencia Executiva do programa Erasmus+: Xuventude en Acción** con respecto á **Acción Clave 2**, haberá dúas quendas de presentación, o **2 de febreiro e o 1 de xullo**, e para eventos a gran escala de *Servizo Voluntario Europeo* o **prazo** de presentación rematará o **1 de abril**.

Política Social fomenta a formación da mocidade galega no exterior cunha inversión de 2,2 millóns de euros para 2016 no Programa de Mobilidade Transnacional Galeuropa

Venres, 15 Xaneiro 2016 17:32

- A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado participou hoxe na Baña na II Conferencia do proxecto Welcome que reúne a medio centenar de representantes de doce de países europeos: España, Italia, Hungría, Malta, Eslovaquia, Romanía, Estonia, Letonia, Chipre, Grecia, Bulgaria e Francia
- Cecilia Vázquez asegurou que “as iniciativas de mobilidade teñen como finalidade mellorar a formación da mocidade galega, ampliando o currículo laboral a través dunha experiencia internacional”
- O fomento da mobilidade xuvenil en Europa é un dos eixes preferentes do Plan estratéxico de Xuventude 2014-2016
- Galeuropa enmárcase dentro do Programa Operativo de Emprego Xuvenil cofinanciado pola Iniciativa de Emprego Xuvenil e o Fondo Social Europeo

A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, participou no día de hoxe no municipio coruñés da Baña na **II Conferencia do proxecto Welcome** que reunirá ata mañá sábado ao redor de medio centenar de representantes de municipios e de

entidades procedentes de doce de países europeos: España, Italia, Hungría, Malta, Eslovaquia, Romanía, Estonia, Letonia, Chipre, Grecia, Bulgaria e Francia. Alí, a directora xeral lembrou que a orde do **programa de mobilidade xuvenil Galeuropa** estará dotada en 2016 con 2,2 millóns de euros. O **proxecto Welcome** enmárcase no **programa europeo Europe for Citizens 2014-2020**, que pretende fortalecer unha rede de cooperación entre as cidades participantes en temas vinculados á migración, os dereitos humanos e a cidadanía activa.

Vázquez Suárez subliñou que o fomento da mobilidade xuvenil en Europa é un dos eixes preferentes do **Plan Estratéxico de Xuventude 2014-2016**, xa que “a mobilidade non é un fin en si mesmo e debe entenderse como a adquisición de novas capacidades nun entorno cultural e social novo, tanto a través da formación académica como das prácticas profesionais e mesmo dos propios procesos de educación non formal que conleva a participación nestes programas”.

A directora xeral tamén afirmou que “as iniciativas de mobilidade teñen como finalidade mellorar a formación da mocidade galega, ampliando o currículo laboral a través dunha experiencia internacional e que estas experiencias poden ser de moita utilidade para complementar ensinanzas académicas con experiencias e competencias adquiridas mediante a participación xuvenil e a mobilidade”.

Galeuropa enmárcase dentro do **Programa Operativo de Emprego Xuvenil** cofinanciado pola **Iniciativa de Emprego Xuvenil** e o **Fondo Social Europeo** e ten por obxecto a concesión de axudas para proxectos de mobilidade transnacional dirixido a mozos e mozas para a realización de prácticas formativas non remuneradas en entidades ou empresas públicas ou privadas de **31 países europeos**.

A finalidade deste programa de mobilidade transnacional xuvenil é reforzar a empregabilidade e as competencias profesionais dos mozos, contribuíndo á mellora da súa formación mediante a adquisición de experiencia profesional para a súa incorporación ao mercado de traballo, ao tempo que se apoia a adquisición de competencias en idiomas estranxeiros.



EN PORTADA NOVAS E ACTIVIDADES

Axudas para a matrícula universitaria en Galicia

Venres, 15 Xaneiro 2016 07:27



A Consellería de Educación convoca **axudas destinadas a financiar os gastos derivados da matrícula no curso académico 2015/16** dos alumnos e alumnas de segundo e posteriores cursos matriculados en estudos universitarios oficiais conducentes a unha titulación de grao, licenciatura, diplomatura, enxeñaría, arquitectura, enxeñaría técnica ou arquitectura técnica nunha universidade do *Sistema universitario de Galicia*.

Requisitos:

1. Non estar en posesión dunha titulación universitaria do mesmo nivel ou superior ao correspondente aos estudos para os cales solicita a axuda.

2. Estar matriculado en segundo e posteriores cursos nunha universidade do *Sistema universitario de Galicia* no curso académico 2015/16 dun mínimo de 60 créditos en ensinanzas conducentes a unha titulación de grao, licenciatura, diplomatura, enxeñaría, arquitectura, enxeñaría técnica ou arquitectura técnica, agás o alumnado a que lle reste un número inferior de créditos para rematar os seus estudos, que deberá de estar matriculado de 45 créditos como mínimo.

3. Ter sido beneficiario/a da bolsa de carácter xeral do *Ministerio de Educación, Cultura e Deporte* no curso 2013/14 ou no curso 2014/15 e non tela obtido no curso 2015/16.

4. Ter superado no curso 2014/15 a seguinte porcentaxe dos créditos matriculados, excluindo os validados, recoñecidos ou adaptados:

- En estudos pertencentes á rama de coñecemento de *Ensinanzas Técnicas* (enxeñaría ou arquitectura), igual ou superior ao 60 % e menos do 65 %.
- En estudos pertencentes ás ramas de *Artes e Humanidades* ou de *Ciencias Sociais e Xurídicas*, igual ou superior ao 80 % e menos do 90 %.

5. Non estar incluídos nos casos de exención total de matrícula.

6. Que a renda da unidade familiar non supere os seguintes limiares:

- Familias de 1 membro: 14.112 €
- Familias de 2 membros: 24.089 €
- Familias de 3 membros: 32.697 €
- Familias de 4 membros: 38.831 €
- Familias de 5 membros: 43.402 €
- Familias de 6 membros: 46.853 €
- Familias de 7 membros: 50.267 €
- Familias de 8 membros: 53.665 €

Contía da axuda:

A dotación asignada a cada beneficiario/a será a do importe total da matrícula, incluídas as taxas, que será dun máximo de 862,9 euros para as titulacións encadradas dentro da rama de *Enxeñaría e Arquitectura* e dun máximo de 618,1 euros para as titulacións encadradas dentro da rama de *Artes e Humanidades e Ciencias Sociais e Xurídicas*.

O prazo para presentar as solicitudes estará aberto ata o **15 de febreiro de 2016**.

As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es> co procedemento **ED441D**.

Máis información no **DOG** do 15 de xaneiro de 2016 e en www.edu.xunta.es e no correo orientacion.sug@edu.xunta.es

Plataforma14: Sala de exposicións destinada a creadores emerxentes

Venres, 15 Xaneiro 2016 12:38



O **Concello da Coruña**, a través do **Centro Municipal de Información Xuvenil**, pon a disposición de todas as persoas que teñan un proxecto artístico relacionado coa creatividade emerxente dunha **sala de exposicións situada no edificio Fórum Metropolitano**.

A cesión do espazo priorizaráselle a:

a) Mozos e mozas creadores/as de entre 15 e 35 anos, vinculados á cidade de Coruña, é dicir, que nacesen, residan, traballen ou estuden nela. Os menores de idade deberán estar representados polo seu pai/nai/titor legal.

b) Os colectivos de artistas, polo menos o 75% da persoas que integren o dito colectivo deberán cumprir os requisitos expostos no punto anterior.

c) Centros educativos que impartan estudos regrados oficiais vinculados coa creación artística.

d) Entidades sen ánimo de lucro, que queiran promover unha exposición vinculada coa creación ou cultura xuvenil.

As obras expostas pertencerán, en sentido amplo, ás incluídas no campo das artes visuais (debuxo, escultura, instalacións artísticas, fotografía, ilustracións, performance, pintura, videoarte, etc), sempre que se poidan axustar ao espazo expositivo e o seu equipamento.

A sala está dotada de iluminación, sistemas de suxeición e soportes adecuados para a exposición de artes plásticas e/ou arte multimedia, e conta con acceso a Internet a través de rede Wifi.

Condições de uso:

A cesión do espazo expositivo será totalmente gratuíto. O período de cesión máxima da sala será de **30 días hábiles**.

Máis información en:

Centro Municipal de Información Xuvenil

R/ Río Monelos 1
15006 A Coruña
Teléfono 981 184 294
cmix@coruna.es
www.coruna.es/cmix/plataforma14

Concurso de deseño do Cartel do Programa Xuventude Crea 2016

Luns, 18 Xaneiro 2016 08:50



xuventude.net

Concurso do cartel de
Xuventude Crea 2016

A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, con motivo do **programa Xuventude Crea 2016**, convoca un concurso co fin de elaborar o cartel do dito programa.

PARTICIPANTES

Poderán participar no concurso todas aquelas persoas de entre 18 a 30 anos, ambas inclusive, e residentes en Galicia, agás o/a gañador/a do premio na edición do ano anterior.

TEMA

O tema e a técnica serán libres. As obras deben incluír obrigatoriamente o texto "**Programa Xuventude Crea 2016**" así como as especialidades que o compoñen: artes plásticas, banda deseñada, cociña, deseño de xoias, fotografía, graffiti, moda, música, relato breve, poesía, teatro e videocreación.

Admitiranse traballos realizados tanto de forma individual como en grupo.

CONDICIÓNS

Cada autor/a ou autores/as poderán participar con dúas (2) obras orixinais, inéditas e en galego.

A obra premiada pasará a ser propiedade da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, que adquirirá sobre esta o dereito pleno á súa utilización, reprodución e difusión.

A citada dirección xeral queda facultada para introducir algunha modificación na obra premiada se existira algunha dificultade técnica para a súa impresión ou para introducir algún texto ou logotipo que non figure inicialmente nestas bases.

O cartel gañador será a imaxe do **Programa Xuventude Crea 2016** e poderá ser utilizado parcial ou totalmente para o seu deseño, páxina web ou calquera outra iniciativa que considere a organización.

DOCUMENTACIÓN

As obras presentaranse en formato vertical cunhas dimensións de 50x70 cm, montadas en superficie ríxida (cartón pluma) que facilite a súa manipulación, e deberán estar feitas en formato dixital para poder facer as modificacións que a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado considere oportunas. En ningún caso poden levar nin o nome nin a sinatura.

Os/as artistas poderán confeccionar as súas obras con liberdade de procedemento e cor.

Todas as obras irán acompañadas dos seguintes documentos:

- Solicitud de inscrición debidamente cuberta.
- Ao dorso de cada obra figurará un lema ou pseudónimo que servirá para preservar a identidade do/a artista ata o fallo do xurado. Este lema ou pseudónimo aparecerá, en letras maiúsculas, no exterior dun sobre pechado aparte, sen facer alusión ningunha que permita identificar ao autor/a, sendo causa de exclusión do concurso o incumprimento desta norma.
- Dentro do sobre pechado irán os datos do/a artista: nome, apelidos, fotocopia do DNI, idade, enderezo postal, enderezo electrónico, teléfono de contacto, ficha explicativa e CD da obra e unha declaración asinada indicando que o traballo é orixinal e inédito.

Se se apreciasen defectos ou falta de documentación por parte da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, requirirase á persoa solicitante para que no **prazo de 10 días** emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, se considerará desistida da súa petición.

LUGAR E PRAZO DE ENTREGA

O **prazo** de admisión das obras estará aberto ata o día **29 de febreiro de 2016** e poderanse enviar por correo postal a:

Concurso deseño do cartel programa Xuventude Crea 2016

Consellería de Política Social
Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado
Edificio Administrativo San Lázaro, s/n, 3º
15781 Santiago de Compostela

Igualmente admitirase a entrega da documentación en calquera rexistro, en horario de 9:00 h a 14:00 h, presentando a solicitud de inscrición para o seu posterior selo de entrada.

Calquera información sobre o concurso ou solicitud de presentación a este, pode obterse mediante contacto coa Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado nos teléfonos 981 541 689, 981 545 702 e 981 545 937.

A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado porá o máximo coidado nas obras recibidas, pero declina toda responsabilidade de perdas, roturas, roubos, furtos ou danos nas obras por razón de forza maior ou calquera outra causa allea á súa vontade, tanto nos actos de recepción e devolución como durante o tempo que estean baixo a súa custodia.

Unha vez recibidas as propostas e pechado o prazo de admisión, procederase á súa valoración por un xurado responsable de resolver o concurso.

XURADO

A composición do xurado farase pública na páxina web da *Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado* <http://xuventude.xunta.es>

O fallo difundirase mediante unha nota na citada web e por teléfono a partir do día seguinte do fallo do concurso.

PREMIO

O/a autor/es/as da obra gañadora recibirá un único premio de 500 euros. Esta cantidade estará suxeita á lexislación vixente, aplicándose sobre a dita cantidade as retencións legalmente establecidas.

A entrega do premio farase mediante transferencia bancaria ao número de conta que facilite o gañador/a.

FALLO

Antes do fallo do xurado, a *Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado* poderá levar a cabo unha exposición dos traballos presentados.

O fallo do xurado será inapelable e poderá ser declarado deserto se así o considera este.

DEVOLUCIÓN

Para a devolución das obras non premiadas existirán dous procedementos para ser retiradas:

1. persoalmente polo seu autor/es/as ou
2. mediante delegación, por escrito, noutra persoa no lugar onde foron entregadas, no prazo de 30 días que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación do/a gañador/a na web da *Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado*.

As obras non premiadas que non foran retiradas polas persoas interesadas no prazo establecido, pasarán á libre disposición da *Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado*.

A participación neste concurso implica de forma automática a plena e total aceptación, sen reservas, das presentes bases.

Máis información en: roteiros.ctb@xunta.es

Interrail 2016

Luns, 18 Xaneiro 2016 11:59



InterRail é un pase que permite viaxar na maioría dos trens dentro dos **30 países participantes**, con diferentes períodos de validez, e a calquera idade (estudantes, mochileros, familias, etc).

A súa orixe remóntase a 1972, cando foi concibido como un billete de tren para que os mozos de ata 21 anos puidesen viaxar libremente durante un período de ata un mes polos países europeos. Tratábase dunha experiencia única que ampliaba as fronteiras ata chegar a **20 países europeos**. Actualmente pode ser adquirido por persoas con residencia permanente en Europa durante polo menos os seis meses previos á compra e, en España, pódese adquirir a 3 meses antes da data do

primeiro día de validez. Ademais do pase para adultos, existen as seguintes variantes **Youth** (mozos/os que non teñan cumpridos 26 anos o primeiro día de validez do pase) e **Senior** (adultos con 60 anos cumpridos o primeiro día de validez do pase).

Existen dúas modalidades:

Interrail Global Pass, nas compañías participantes dos 30 países membros de Interrail.

Interrail One Country Pass, no ámbito da compañía participante do único país indicado no pase.

Interrail Global Pass: Utilizable nas compañías participantes de todos os países membros de Interrail.

Ofrécese en dúas modalidades: Continua e Flexible.

Modalidade Continua de 15, 22 días ou 1 mes.

Modalidade Flexible de 5 días en 15 días; de 7, 10 ou 15 días en 1 mes.

Para adultos en 1ª e 2ª clase, *maiores de 60 anos* en 1ª e 2ª clase e mozos *menores de 26 anos* en 1ª e 2ª clase. Os nenos *menores de 4 anos viaxan gratis* a condición de non ocupar praza. Os nenos entre 4 e 11 anos cumpridos viaxando acompañados de adultos (limitado a dous nenos por adulto) obterán un pase adicional a 0 euros, en 1ª ou 2ª clase, segundo o pase do adulto acompañante.

O **Interrail Global Pass** é válido para realizar dúas viaxes no país de residencia:

- unha viaxe de ida desde o lugar de residencia do viaxeiro ata a fronteira ou aeroporto de saída.
- unha viaxe de volta desde a fronteira ou aeroporto de chegada ata o seu lugar de residencia.

Validez xeográfica do Interrail Global Pass:

O **Interrail Global** é válido nos **30 países e compañías seguintes**: Alemaña (DB e Thalys), Austria (OeBB) (1), Bélxica (SNCB e Thalys), Bosnia-Herzegovina (ZFBH e ZRS), Bulgaria (BDZ), Croacia (HZ), Dinamarca (DSB) (2), Eslovaquia (ZSSK), Eslovenia (SZ), España (Renfe), Finlandia (VR), Francia (SNCF e Thalys), Gran Bretaña (ATOC), Grecia (TRAINOSE), Hungría (MAV-START) (3), Italia (Trenitalia), Luxemburgo (CFL), Montenegro (ZPCG), Holanda (NS e Thalys), Irlanda (IE e NIR) (4), FYR Macedonia (MZ-T), Noruega (NSB), Polonia (PKP) (5), Portugal (CP), República Checa (CD), Rumanía (CFR), Serbia (SV), Suíza (SBB) (6), Suecia (SJ) (7), Turquía (TCDD) e no TRÁNSITO MARÍTIMO entre Italia e Grecia operado por Attica Group (Compañías Superfast e Blue Star Ferries) e Minoan Lines.

1. Inclúe a liña Ebenfurth-Sopron operada por RoeEE. Tamén nos trens da compañía WESTbahn.
2. Inclúe a compañía privada Arriva. Non é válido nos trens IC Bornholm entre Kobenhavn e Ystad.
3. Inclúe a liña Győr-Sopron e Sopron-Szombathely-Szentgotthárd operada por GYSEV.
4. Inclúe Irlanda do Norte.
5. Inclúe Przewozy Regionale "sp z o.o"
6. Inclúe as seguintes compañías privadas: BLS, FART, MOB, RhB, SOB, SOB-bt, SSIF e THURBO.
7. Inclúe as seguintes compañías privadas: Arlanda Express, Connex, Merresor e Tagkompaniet.

Interrail One Country Pass: Utilizable no ámbito da(s) compañía(s) participante(s) do único país indicado no pase.

Ofrécese en modalidade flexible de 3, 4, 6 ou 8 días en 1 mes, para adultos en 1ª e 2ª clase, e mozos menores de 26 en 1ª e 2ª clase e seniors (maiores de 60 anos) en 1ª ou 2ª clase. Os nenos menores de 4 anos viaxan gratis a condición de non ocupar praza. Os nenos entre 4 e 11 anos cumpridos viaxando acompañados de adultos (limitado a dous nenos por adulto) obterán un pase adicional a 0 euros, en 1ª ou 2ª clase, segundo o pase do adulto acompañante.

Interrail One Country Pass non pode utilizarse no propio país de residencia. Con este pase, os residentes en España non poderán adquirir billetes con redución para aproximación a estación de fronteira ou aeroporto.

Oferta do Interrail One Country Pass:

- Interrail ATTICA Pass (*). Validez: Attica Group (Tránsito marítimo entre Italia e Grecia e entre illas gregas).
- Interrail Austria Pass (*). Validez: OeBB, WESTbahn (Austria).
- Interrail Benelux Pass. Validez: CFL, NS, SNCB, Thalys (Luxemburgo, Holanda, Bélxica).
- Interrail Bulgaria Pass. Validez: BDZ (Bulgaria).
- Interrail Croatia Pass. Validez: HZ (Croacia).
- Interrail Czech Republic Pass. Validez: CD (República Checa).
- Interrail Denmark Pass (*). Validez: DSB (Dinamarca).
- Interrail Finland Pass. Validez: VR (Finlandia).

- Interrail France Pass. Validez: SNCF, Thalys (Francia).
- Interrail FYR Macedonia Pass. Validez: MZ-T (Macedonia).
- Interrail Germany Pass. Validez: DB, Thalys (Alemaña).
- Interrail Great Britain Pass. Validez: ATOC (Gran Bretaña).
- Interrail Greece Pass. Validez: TRAINOSE (Grecia).
- Interrail Greek Islands Pass. Validez: Attica Group (Tránsito marítimo entre Italia e Grecia e entre illas gregas).
- Interrail Greece Plus Pass. Validez: TRAINOSE / Attica Group (Grecia e tránsito marítimo entre Grecia e Italia).
- Interrail Hungary Pass (*). Validez: MAV (Hungría).
- Interrail Ireland Pass. Validez: IE / NIR (Irlanda).
- Interrail Italy Pass. Validez: TRENITALIA (Italia).
- Interrail Italy Plus Pass. Validez: TRENITALIA / Attica Group (Italia e tránsito marítimo entre Italia e Grecia).
- Interrail Norway Pass (1). Validez: NSB (Noruega).
- Interrail Poland Pass. Validez: PKP (Polonia).
- Interrail Portugal Pass. Validez: CP (Portugal).
- Interrail Romania Pass. Validez: CFR (Romanía).
- Interrail Serbia Pass. Validez: ZS (Serbia).
- Interrail Slovakia Pass. Validez: ZSSK (EslovaquiaO).
- Interrail Slovenia Pass. Validez: SZ (Eslovenia).
- Interrail Spain Pass. Validez: Renfe (España).
- Interrail Sweden Pass (*). Validez: SJ (Suecia).
- Interrail Switzerland Pass (*). Validez: CFF/SBB (Suíza).
- Interrail Turkey Pass. Validez: TCDD (Turquía).

(*): As notas do InterRail Global Pass sobre estes países son extensivas á modalidade One Country.

(1): Só dispoñible en 2ª clase.

Descontos

Diversas compañías marítimas e doutros sectores ofrecen condicións especiais aos portadores dun pase Interrail. Lista vixente de colaboradores na aplicación Rail Planner e <http://www.interrailnet.eu/>

Novidades de 2016

1. A posibilidade de reservar con máis antelación, xa que se ampliou o período de reserva anticipada para os pases Interrail de 3 a 11 meses. Desta forma, os usuarios poderán reservar os seus pase con maior antelación, no momento en que máis lles conveña.
2. Desde 2016, o **Interrail Global Pass** será válido para dúas viaxes dentro do país de residencia dos usuarios. Estes poderán utilizar ambas as viaxes para coller un tren desde a súa estación local e cruzar a fronteira ou para viaxar ata un aeroporto ou un porto. Con iso, aforrarán gastos de viaxe tanto dentro como fóra do seu país de residencia. Ademais, todos os **Interrail Global Pases comprados despois do 31 de decembro de 2015** son válidos para 1 viaxe de ida e 1 viaxe de volta dentro do propio propio país do viaxeiro

InterRail, a condición de que este sexa un dos 30 países que se inclúen no pase. Pódese viaxar en máis dun tren en cada viaxe, sempre que a viaxe complétese o mesmo día.

3. Este ano, ademais, incrementáronse o número de opcións de días de viaxe dispoñibles co Interrail Global Pass. Os días de viaxe son os días nos que un pase Interrail é válido durante o seu período de validez global. Pódense utilizar tanto de maneira consecutiva como non consecutiva. Cunha maior variedade de días de viaxe, pódese elixir o pase que mellor se adapte aos plans do usuario. E como engadido, aumentáronse os períodos de validez globais dos Interrail Global Passes en 5 ou 10 días de viaxe, para que se poida pasar máis tempo no estranxeiro.

4. Por último, cambiouse o nome do **Interrail Attica Pass por Interrail Illas Gregas Pass**. O **billete InterRail** pode adquirirse na web de **RENFE**, así como máis información en *Atención ao cliente*, teléfono 902 320 320.

Lembra que para comprar o teu Interrail debes: Rexistrarte na aplicación de compra de billetes.

Seleccionar a opción de **"Venda Internacional"**.

Máis información en http://www.renfe.com/viajeros/viajes_internacionales/interrail.html

NOVAS FORMACION

OUTROS CURSOS

Maquillaxe de efectos especiais en Vigo

Martes, 12 Xaneiro 2016 09:32



A **Escola de tempo libre Ferverza**, organiza un curso de maquillaxe de efectos especiais en Vigo.

Ferverza, teléfono 606 321 636 e <http://escolaferverza.es/>

Curso para obter o certificado de aptitude de profesor de formación vial

Xoves, 14 Xaneiro 2016 08:09



A Dirección Xeral de Tráfico (DGT) convoca un **Curso para obter o certificado de aptitude de profesor de formación vial**. O curso, que terá carácter teórico e práctico, constará de dúas fases: unha de ensino a distancia e outra de formación presencial no centro onde o curso se celebre.

